

MEMORIA DO ACORDO DE ADDENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE TITULARES MERCANTILES DE LEÓN PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que o 14 de febreiro do 2020, as partes subscribiron un Convenio de colaboración polo que se establece un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e o Ilustre Colegio Oficial de Titulares Mercantiles de León.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A ATRIGA e o Ilustre Colegio Oficial de Titulares Mercantiles de León utilizando as novas tecnoloxías da información, ofrecerán aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina á que os contribuíntes voluntariamente encomenden os servizos que prestan en relación coa tramitación de procedementos de xestión tributaria, os seguintes trámites:

- Información sobre o valor dos bens inmoables situados en Galicia que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión e, no seu caso conforme coa normativa vixente, obtención dos acordos previos de valoración que sexan da competencia da Consellería de Facenda e Administración Pública.





- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións, declaracións, liquidacións e/ou recibos correspondentes aos seguintes impostos:

a) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AJD)

b) Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD).

c) Taxas fiscais sobre o xogo.

d) Imposto sobre contaminación atmosférica (ICA).

e) Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga embalsada (IDMAE).

f) Canon eólico (CE).

g) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

h) Canon sobre os inmobles declarados en estado de abandono (CIDEA).

i) O imposto sobre o depósito de residuos en vertederos, a incineración e a co-incineración de residuos.

j) Imposto especial sobre determinados medios de transporte, a partir do momento en que a Comunidade Autónoma de Galicia solicite o traspaso dos servizos adscritos.

k) E, demais impostos, taxas, prezos e outros ingresos de dereito público competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para os que se prevea a presentación, pago e remisión por vía telemática.

Que a cláusula oitava do convenio estipulaba que este tería una vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura o 14 de febreiro de 2020 e que en calquera





momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderían acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Que o acordo ten por obxecto por unha parte prorrogar para o período comprendido entre o 15 de febreiro de 2024 e o 15 de febreiro de 2028, a vixencia do Convenio de Colaboración subscrito entre a ATRIGA e o Ilustre Colegio Oficial de Titulares Mercantiles de León o 14 de febreiro de 2020 e por outra banda, addendar a cláusula oitava do convenio co fin de prever a posibilidade de que o convenio poda ser resolto por calquera das partes con tres meses de preaviso.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Documento asinado dixitalmente á marxe
A Directora da Axencia Tributaria de Galicia
M^a Victoria González Vázquez

